

1. INTRODUCCIÓN

LIMIAR

A Lei orgánica 2/2006 establece que as ensinanzas de idiomas de réxime especial se organizan nos niveis básico, intermedio e avanzado e que os ditos niveis se corresponderán, respectivamente, cos niveis A, B e C do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL), que se subdividen, á súa vez, nos niveis A1, A2, B1, B2, C1, e C2.

O Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, fixa as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación e o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas impartidos nas escolas oficiais de idiomas, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos certificados correspondentes.

O Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón, no seu artigo 6.2 que a consellería competente en materia de educación establecerá o procedemento para a elaboración das guías curriculares de cada idioma, que serán comúns para todos os centros e deberán desenvolverse mediante as correspondentes programacións didácticas.

O Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1, e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

RESOLUCIÓN de 16 de mayo de 2024, de la Dirección General de Formación Profesional, por la que se dictan instrucciones para la preinscripción, la admisión, la matrícula y la organización académica en las escuelas oficiales de idiomas de Galicia en el curso 2024/25.

1.2. Contexto educativo

1.2. 1. Características da EOI de Ourense

A Escola Oficial de Idiomas de Ourense é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dedicado á ensinanza de idiomas para adultos. A súa sede central atópase na capital, a 3ª cidade galega con case 106.000 habitantes (un terzo da poboación da provincia, na que viven preto de 315.000 persoas) e está situada na área urbana da cidade, nunha zona que agrupa unha grande cantidade de instalacións educativas, entre elas o campus universitario, preto do centro da cidade.

Para satisfacer as necesidades de todo o territorio, conta tamén con 6 seccións delegadas asentadas en centros de Educación Secundaria de diferentes poboacións: A Ponte-Ourense (IES Blanco Amor), Celanova (IES Celso Emilio Ferreiro), O Barco de Valdeorras (IES Lauro Olmo), O Carballiño (IES Chamoso Lamas), Ribadavia (IES Abrente), Verín (IES García Barbón).

O centro ten un amplo horario de apertura, de 08.00 a 22.00, ao longo do cal se imparten ensinanzas de Alemán, Chinés, Español como lingua estranxeira, Francés, Galego, Inglés, Italiano e Portugués, dos niveis Básico, Intermedio e Avanzado.

Así mesmo, a nosa Escola colabora con outras entidades como o CFR, impartindo cursos para o profesorado, e coa Dirección Xeral de Política Lingüística, con cursos de Lenguaxe Administrativa Galega e de preparación ás probas oficiais Celga.

A nosa ensinanza está destinada a maiores de 14 anos e, dado que non é obrigatoria, a maioría do alumnado asiste por vontade propia.

O máis destacábel do noso alumnado é a súa heteroxeneidade no tocante á ocupación, á formación e á motivación. Tamén no que concirne á idade: a maioría do alumnado está na franxa comprendida entre os 18 e os 50 anos. Por sexos, predominan as mulleres sobre os homes.

Na EOI de Ourense, aténdese tamén a unha pequena porcentaxe de alumnado con discapacidade e alumnado estranxeiro.

Esta diversidade contribúe a un importante enriquecemento cultural e en valores de carácter persoal e social.

Dado que a maioría do noso alumnado compaxina os estudos de idiomas con outras obrigas de carácter laboral, familiar ou de formación, este asiste ao centro só durante as

sesións de clase e, en menor medida, para participar en diversas actividades extraescolares.

Por outra banda, o feito de que as Ensinanzas de Idiomas non teñan un carácter obrigatorio e de que o alumnado decida libremente asistir a este centro garante dalgún xeito, unha boa convivencia.

Os docentes, por norma xeral, imparten clases e asumen a titoría de tres ou catro grupos de alumnado en exclusiva. Isto implica unha estreita relación profesional, pero tamén afectiva, entre docente e estudante, o que, na maioría das ocasións, favorece un clima agradábel e distendido.

Ao cadro de profesorado hai que engadirlle os/as auxiliares de conversa que cada curso adoitan incorporarse nos idiomas alemán, chinés, francés, inglés e portugués.

1.2.2. Características do departamento

No curso académico 2024-2025 o Departamento estará formado polos profesores Rui Manuel Ferro dos Santos (bloque 1 – Xefatura de Departamento), José Manuel López López (bloque 2) e o profesor Xoán Manuel García Calviño (bloque 3), cos seguintes horarios de clase que se indican.

Ofertaranse tres grupos de A2, dous de B1, un de B2, un de C1 e dous cursos monográficos (oralidade e contidos socioculturais). Os grupos organízanse en dúas sesións semanais de dúas horas cada un.

Contaremos cunha auxiliar de conversación de Brasil, cun horario de 12 horas semanais distribuídas polos grupos de B2 e C1, elaboración de materiais e apoio ao Departamento.

Bloque nº 1 – Rui Manuel Ferro dos Santos (Xefe de Departamento)

Horario	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16.00-18.00					PO-PUB-XER-C1-60C-1 (contidos socioculturais)
18.00-20.00	PO-B2-1	PO-C1-1	PO-B2-1	PO-C1-1	
20.00-22.00			PO-PUB-PCO-B1-60C-1 (Traballando a oralidade)		

Bloque nº 2 – José Manuel López López

Horario	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16.00-18.00			PO-A2-1		PO-A2-1
18.00-20.00	PO-B1-1	PO-A2-2	PO-B1-1	PO-A2-2	
20.00-22.00		PO-B1-2		PO-B1-2	

Bloque nº 3 – Xoán García Calviño (comparte con Galego)

Horario	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
20.00-22.00	PO-A2-3		PO-A2-3		

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

As ensinanzas de linguas parten dun modelo de lingua que ten unha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma. Trátase dun enfoque orientado á acción e, na súa posta en práctica, terá como centro tarefas baseadas nos obxectivos de comunicación tendo en conta as necesidades e intereses do alumnado. Este enfoque metodolóxico posibilita que os alumnos e alumnas se impliquen no

proceso de aprendizaxe mediante tarefas deseñadas en función dos obxectivos fixados para as diferentes destrezas que posibiliten a convivencia de distintos estilos de aprendizaxe.

A finalidade deste enfoque será a activación da variedade de procesos e habilidades necesarios para levar a cabo tarefas nas que se realizarán actividades de comprensión, expresión e interacción e que englobarán todos os compoñentes curriculares (os obxectivos, os contidos, a metodoloxía e a avaliación). Non se trata de ver nas aulas os distintos contidos de forma illada, aínda que estes aparezan no currículo separadamente: estes serán integrados na realización das diferentes tarefas e actividades, para preservar en todo momento o sentido comunicativo no proceso de ensino-aprendizaxe.

RECURSOS DIDÁCTICOS

Na actualidade, hai dispoñíbeis moitos e moi diversos materiais didácticos destinados ao ensino e á aprendizaxe das linguas. Na súa utilización resulta imprescindible realizar unha selección baseada nos obxectivos e contidos das programacións didácticas e no enfoque comunicativo.

A utilización de material creado explicitamente con fins didácticos, como por exemplo, os libros de texto, responderá ás necesidades do proceso de aprendizaxe e non excluírá o uso de materiais auténticos.

Humanos:

O cadro de persoal docente deste departamento e a auxiliar de conversación.

Físicos:

As aulas, os departamentos, a biblioteca e a sala de lectura, a aula de recursos, a aula de informática e a de auto aprendizaxe, as saídas culturais a eventos na cidade de Ourense ou provincia.

Materiais:

- Libros de texto (segundo cada nivel, todos teñen o seu).
- Encerados, fragmentos de series/películas e música como material real.

- Dicionarios, material de consulta ou de lectura, audiovisuais e outros.
- As TIC: cada sala ten o seu ordenador portátil, conexión á Internet, canón proxector, panel intelixente interactivo, equipamento de son e lector de CD.
- Materiais creados e/ou adaptados polo profesorado do departamento.
- Materiais existentes no centro á disposición do alumnado e do profesorado na biblioteca, e na aula de recursos, etc.
- Recursos en liña, como Webex, plataforma Moodle (Aula Virtual), etc.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS EN CASO DE DOCENCIA TELEMÁTICA

As ferramentas corporativas:

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional difundiu unha guía (<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/30573>) para facilitarlles aos docentes o teletraballo.

No referido ás ferramentas que se poden usar, a guía recomenda empregar as institucionais, que permiten enviar os contidos, recibir as tarefas e traballar en equipo. A plataforma institucional que facilita a docencia telemática e as reunións de departamento é a Cisco Webex.

O departamento educativo da Xunta de Galicia pon ao dispor de cada un dos centros educativos unha **Aula Virtual**, creada no entorno Moodle, así como outras plataformas institucionais: Agueiro (ferramenta corporativa de creación de portafolios dixitais educativos), Redeirás (rede social do profesorado galego), Espazo Abalar (repositorio de contidos educativos da Xunta de Galicia).

Doutra banda, o documento relaciona diferentes espazos virtuais con recursos educativos de diferentes materias e niveis, unha listaxe de ferramentas específicas con diversas aplicacións (de debuxo técnico, software matemático, deseño 3D, aprendizaxe de linguas, etc). Así mesmo recorda que as webs de institucións como museos (o Museo Calouste Gulbenkian, por exemplo) ofrecen percorridos virtuais e materiais didácticos.

Formación e asesoramento

Por último, a guía recorda as opcións do profesorado galego para a teleformación e asesoramento, tanto a través da plataforma da Rede de Formación do Profesorado, Platega, que continúa a desenvolverse con normalidade, como a través dos contidos en aberto que anuncia o CAFI a través das súas redes sociais.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O ensino debe atender á diversidade para proporcionar ao alumnado unha educación adecuada ás súas características, necesidades, capacidades, motivacións e estilos de aprendizaxe. As EEOOI deben procurar, na medida en que o permitan os seus recursos, medidas flexíbeis que se adecúen ás diferenzas individuais na aprendizaxe. No ámbito educativo, a diversidade maniféstase en función de factores sociais, culturais, xeográficos, económicos, étnicos, relixiosos... e, principalmente, nas propias capacidades da persoa, como poden ser as intelectuais, motrices ou sensoriais, para acabar coa marxinação.

Como programar atendendo á diversidade:

Contidos:

Deberanse planificar actividades e materiais didácticos diferenciados, graduar a dificultade das actividades (ampliación ou reforzo), procurar recursos diferentes, agrupar de forma distinta e planificar os reforzos.

Metodoloxía

Ten que ver coa planificación das estratexias. Deberanse considerar catro situacións:

- Alumnado que pode realizar actividades pouco complexas.
- Alumnado que pode realizar actividades máis complexas.
- Alumnado que avanza con diferentes ritmos.

- Alumnado con dificultades obxectivas de aprendizaxe.

Cómpre considerar a posibilidade de realizar repeticións, exercicios de apoio, redución de tarefas, adaptacións e orientación. Así mesmo, terase en conta a organización do espazo e do tempo na aula e a procura de estratexias de aprendizaxe cooperativa.

Avaliación

É necesario avaliar conforme ás diferentes capacidades do alumnado; valorar a eficacia das medidas adoptadas e do material empregado. Tamén se debe avaliar o grao de satisfacción acadado, tanto polo profesorado como polo alumnado. No caso de persoas con deficiencias auditivas ou visuais é conveniente habilitar una terceira audición ou o aumento do tamaño das fotocopias dos exames.

Hai que dicir que a representatividade deste tipo de alumnado no noso Departamento é aparentemente fácil de detectar, e o profesor deberá comunicar ao departamento por medios formais a existencia desa particularidade nos grupos.

Sobre este tema deberá pronunciarse un Equipo de Orientación, que informará a Escola sobre o tipo de adaptación para cada caso. Para o efecto, é necesario que a persoa afectada declare o seu grao de minusvalía no momento da matrícula.

AVALIACIÓN

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial valora o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado para, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos.

A avaliación cualifica e, de ser o caso, certifica o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe. De xeito que o alumnado afrontará este proceso de avaliación nas seguintes modalidades:

- Avaliación inicial (ou de diagnóstico)

- Avaliación de progreso (ou formativa).
- Avaliación de promoción (ou sumativa)
- Avaliación certificadora.
- A autoavaliación

1. Avaliación inicial

En todos os cursos e niveis levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado, podendo ser de modo simplificado, atendendo ás destrezas activas como a expresión oral e escrita. Esta servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou. No caso do nivel A2, a avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado parte duns coñecementos previos ou se, pola contra, son aprendices que descoñecen por completo a lingua obxecto de estudo.

2. Avaliación formativa ou de progreso

O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades deste proceso.

A avaliación formativa ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. Este tipo de avaliación aplicarase en todos os cursos. A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260-261). A avaliación formativa axuda para orientar e guiar as persoas adultas na adquisición e uso de linguas.

Este tipo de avaliación levarase a cabo de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe. O profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso de maneira cualitativa, e favorecerá activamente a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos propostos.

3. Avaliación de promoción

Determina se o alumnado foi quen de alcanzar os obxectivos propostos. Este tipo de avaliación non afecta os usuarios do Departamento de Portugués, por non ter cursos de promoción.

4. Avaliación certificadora

A proba de certificación ten como obxectivo avaliar o nivel de competencia lingüística do alumnado nas distintas actividades de lingua nos niveis básico A2, intermedio B1 e B2 e avanzado C1 establecido no currículo do idioma portugués.

As probas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior. Estas probas serán elaboradas, administradas e cualificadas de acordo co procedemento que estableza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

O alumnado de cursos ordinarios terá dereito a unha convocatoria de probas a principios de xuño (ou finais de maio, segundo os niveis) e outra, extraordinaria, na segunda metade dese mes, segundo instrucións da Consellería

O alumnado libre poderá matricularse en calquera nivel das probas de certificación. Non é requisito indispensable dispoñer do/s certificado/s do/s nivel/s anterior/es.

A superación da proba de certificación dun nivel daralle acceso ao alumnado ao primeiro curso do seguinte nivel na modalidade presencial en calquera escola.

A cualificación outorgada ao alumnado será de "**Apto**", "**Non apto**" ou "**Non presentado**", segundo corresponda.

Para o nivel básico A2, a puntuación total da proba de certificación será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba (comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos e produción, coprodución e mediación escrita) terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das actividades de lingua.

A2					
Actividades de lingua (A2)	PCOM	PCEM	CTO	CTE	TOTAL
Mínimo para superar.	15	15	15	15	60
Máximo/Total	25	25	25	25	100

A puntuación das actividades de lingua superadas na convocatoria ordinaria manterase para a convocatoria extraordinaria. Deste xeito, o alumnado do réxime oficial que se presente á convocatoria extraordinaria só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. O alumnado que non obteña a cualificación global de apto na convocatoria extraordinaria deberá realizar a proba completa en sucesivas convocatorias.

Para os niveis intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 a puntuación total da proba de certificación será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba (comprensión de textos orais, produción e coprodución de textos orais, comprensión de textos escritos, produción e coprodución de textos escritos e mediación) terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, asemade, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba, é dicir, 81,25 puntos.

O alumnado que non acade o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, eventualmente poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non chegara a acadar a puntuación mínima do 65% (**16,25 puntos** / 25). Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

Nestas probas poderá matricularse alumnado libre, que non terá que posuír os certificados dos niveis anteriores.

B1, B2 e C1						
Actividades de lingua	PCOM	PCEM	CTO	CTE	Mdc (O/E)	TOTAL
Mínimo para superar.	12,5	12,5	12,5	12,5	12,5	81,25 (65%)
Máximo/Total	25	25	25	25	25	125

A actividade de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral administrase, de forma xeral, coas tarefas de produción e coprodución de textos orais, combinándose nunha única proba. Do mesmo xeito a tarefa de mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e coprodución escrita. Pero, de ser preciso, poderán extraerse para seren administradas por separado. En todo o caso, o alumnado que non superase a actividade de mediación na convocatoria ordinaria, deberá presentarse, na convocatoria extraordinaria, ás súas dúas partes: mediación oral e mediación escrita.

A superación desta proba levará consigo a obtención do certificado correspondente **A2** (maio - xuño e extraordinaria), **B1** (maio - xuño e extraordinaria), **B2** (xuño e extraordinaria), e permitirá o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior.

5. Auto avaliación

A auto avaliación é un instrumento clave no proceso de ensino - aprendizaxe. Auto avaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsábel da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino - aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias.

Con esta finalidade, o profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

Avaliación dos obxectivos:

- o Adecuación dos obxectivos xerais de etapa.
- o Se se relacionan con todos os niveis evolutivos do alumnado.
- o Se os requirimentos se adaptan aos coñecementos e capacidades reais do alumnado nun nivel óptimo para o éxito do proceso de aprendizaxe.
- o Se teñen redundancias ou contidos innecesarios

Avaliación dos contidos:

- o Se concretan os obxectivos propostos.
- o Se se adaptan ao currículo vixente.
- o Se amosan unha lóxica interna.
- o Se teñen en conta unha perspectiva plurilingüe.
- o Se inclúen auto avaliación do estudante (nas súas propias metas).

Avaliación do conxunto da experiencia educativa:

- o Se a súa estrutura permite o tratamento de diferentes dimensións de contido para acadar os obxectivos propostos.

- o Se a súa estrutura e oferta permite unha adaptación para a atención á diversidade en función dos requirimentos, propostas e ideas do alumnado.
 - o Se ten en conta o proceso de auto avaliación e auto aprendizaxe do alumnado.
 - o Se permite a adquisición de aprendizaxe instrumental por parte do alumnado.
- Avaliación dos recursos didácticos:
- o Se apoian a interacción entre os estudantes e entre docentes e estudantes.
 - o Se se utilizan recursos habituais da vida cotiá non feitos con fins didácticos do tipo de trípticos, periódicos, etc.
 - o Se os recursos son útiles para o desenvolvemento dos contidos e consecución dos obxectivos.
 - o Se permiten a exercitación de diferentes formas de expresión.
 - o Se son atractivos na presentación dos temas.
 - o Se estimulan as diferentes formas receptivas.
 - o Se son adecuados para o seu uso creativo.
 - o Se estimulan a participación activa do/a estudante, a súa creatividade, autonomía e socialización.
 - o Se o/a estudante participa dalgún xeito na súa escolla.

Para analizar todos estes aspectos, a programación didáctica estará suxeita a tres tipos de avaliación: inicial, de progreso e final. As avaliacións inicial e de progreso permitirán unha mellor aplicación da programación didáctica á hora de desenvolver a de aula e un axuste máis adecuado ás necesidades do alumnado.

A avaliación continua da programación permite adaptala na medida do posíbel ás necesidades que se vaian detectando durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación final terá como obxectivo a consideración da programación dun ano escolar para o seguinte, reformulando aqueles aspectos que se considere oportuno. Os instrumentos de avaliación da programación que se empregarán serán os seguintes:

1. Reunións de coordinación.

Estas reunións permitirán unha avaliación progresiva da programación, permitindo adaptala ás necesidades do alumnado e facendo os axustes precisos para que os obxectivos programados sexan acadados con maior éxito.

Ademais esas reunións serven para intercambiar entre o profesorado interpretacións da programación, estimular e intercambiar boas prácticas e realizar a idea de que o proceso ensino - aprendizaxe é unha busca permanente de mellora.

2. Reunións de avaliación final.

Estas reunións de final de curso terán como obxectivo a análise do desenvolvemento da programación, e reflectirán na memoria final do departamento aqueles apartados que precisan ser modificados ou reformulados.

3. Memoria final.

Este documento comprenderá, entre outros puntos, a serie de aspectos da programación que sería preciso reformar para adaptala, tanto ao tempo dispoñible, como ás necesidades do alumnado, como a un mellor axuste co establecido no currículo. Todos os aspectos que cómpre reformar consignados na memoria serán tidos en conta á hora de elaborar a programación didáctica do ano seguinte.

4. Estatísticas.

Despois de feita a avaliación final do alumnado, estudaranse os datos estatísticos respecto ao número de aprobados, suspensos e non presentados por cada curso, co obxectivo de detectar un posíbel abandono e fracaso escolar ligado a desaxustes na programación didáctica.

TEMPORALIZACIÓN

Temos 2 sesións lectivas de dúas horas, 4 horas por semana (excepto nos cursos monográficos, que serán de 60 horas cada). Así ata 120 horas aproximadas.